

## **CIRCULAR 01/2022 - INSTRUCCIÓN DO PROCESO ELECTORAL 2022 (17.02.2022)**

**A)** Todas as **dúbdas** deben remitirse a través do seguinte correo electrónico: [elecionsfederacions2022.deporte@xunta.gal](mailto:elecionsfederacions2022.deporte@xunta.gal)

A **documentación** que sexa obrigatoria remitir á Secretaría Xeral para o Deporte (SXD) deberá realizarse a través da **sede electrónica**.

**B)** Elaboración do **censo inicial**:

O censo electoral inicial debe ser publicado obrigatoriedade como **data límite** o **28.02.2022**.

Debe ser publicado no **taboleiro de anuncios** da sede da federación e das súas delegacións e na **páxina web da federación** na sección "**proceso electoral**".

Este censo deberá estar publicado **durante**, mínimo, **14** días hábiles.

O censo electoral debe elaborarse por **estamentos**: clubs, deportistas, xuíces e árbitros, adestradores e técnicos e outros estamentos se así está previsto estatutariamente, e no seu caso, por **especialidade**.

Para as **persoas físicas** no censo debe constar: nome, apelidos, enderezo (o do seu club), correo electrónico (o do seu club), nº de licenza federativa, número de DNI (so catro díxitos, ex. XXX1234XX), nome do club, e no seu caso, deportista de alto nivel e especialidade deportiva.

Para as **entidades deportivas, debe constar**: nome, denominación ou razón social, enderezo, **número de inscrición no rexistro de entidades deportivas de Galicia**, correo electrónico así como a identificación da persoa representante legal que exercerá o dereito a voto e, cando así proceda, especialidade deportiva. Neste censo figurará como representante a persoa que ostenta a presidencia de cada entidade deportiva, agás que a representación recaia nunha persoa da xunta directiva, o que deberá acreditarse mediante certificado expedido polo rexistro de entidades deportivas de Galicia.

Cando un/unha deportista, adestrador/a ou xuíz poida estar encadrado no censo en varias especialidades, a federación debe encadralo nunha especialidade; neste suposto a federación debe aplicar o mesmo criterio a todos os supostos. E o mesmo acontece cos clubs.

Durante os 14 días que este publicado o censo inicial se poderán realizar ou presentar reclamacións ou rectificacións. A xunta directiva da federación dispón de 5 días hábiles para contestalas e realizar os cambios que considere procedentes.

Rematados os prazos anteriores, a federación **remitirá** á Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo máximo de dez días hábiles e en **soporte informático** apto para tratamento de textos e datos:

I.- O **censo electoral inicial** xunto coas aclaracións, rectificacións ou reclamacións.

II.- O **listado das competicións oficiais** que, de acordo cos calendarios deportivos oficiais aprobados da tempada do ano en que se celebran as eleccións e as dos catro anos anteriores, se **tiveron en conta** para a elaboración do **censo electoral inicial**.

En resumo:

- 1º publícase o censo inicial.
- 2º resólvense as reclamacións.
- 3º remítese a documentación á SXD.

### **C) Excepcións:**

A disposición adicional cuarta do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro (modificado polo Decreto 171/2021) contempla a posibilidade de excepcionalizar algún dos criterios establecidos nestas normas.

A excepción esixe os seguintes requisitos:

1. Solicitude fundada da federación
2. A solicitude ten que ser aprobada pola AX da federación. O mellor é que sexa aprobada na mesma AX na que se aproba o regulamento electoral.
3. Coa solicitude debe achegarse unha memoria xustificativa dos cambios de criterios que se solicitan.
4. A excepción solicitada debe ter como fundamento lograr unha participación maioritaria.
5. Na memoria xustificativa debe apreciarse a imposibilidade ou a dificultade do cumprimento dos criterios que se pretenden modificar.

### **D) Regulamento electoral.**

O regulamento electoral debe ser aprobado pola Asemblea Xeral da Federación convocada ao efecto cun prazo de antelación mínimo de dez días hábiles.

A remisión á SXD do regulamento electoral debe realizarse cunha antelación mínima de corenta e cinco días á data prevista para o inicio do proceso electoral, é dicir a convocatoria das eleccións.

Na asemblea xeral na que se aprobe o regulamento electoral é moi recomendable levar como punto da orde do día a autorización á xunta directiva ou ao presidente da federación a facer os cambios comunicados pola Secretaría Xeral para o Deporte, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da asemblea xeral.

### **E) Comisión Xestora.**

A comisión delegada ou, no seu caso a asemblea xeral debe nomear os titulares da comisión xestora e os seus suplentes. E o mesmo debe realizar a Xunta directiva nomear titulares e suplentes.

### **F) Xunta electoral.**

Debe tramitarse un enderezo de **correo electrónico** para a xunta electoral da federación. Este último deberá ser independente de calquera outro correo electrónico da federación.